



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte.-2021/G010/000005

Valdoviño, 8 de abril de 2021. Hora: 20:00

Lugar: Edificio Casa de Cultura de Valdoviño

Primeira convocatoria

Sesión ordinaria de carácter mensual, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Disculpa a inasistencia o concelleiro Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro.

Celebración da sesión no edificio Casa Cultura por razón de Covid-19 i en especial para salvaguardar as medidas de seguridade en canto a distancia establecidas.

Abre a sesión o Presidente, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR: 04.03.21.-

Por votación ordinaria e unanimidade dos presentes, o borrador da acta mencionada quedou aprobado.

2º.- PROPOSTA DE INCLUSIÓN NA ORDENANZA DO SOLO DE USO INDUSTRIAL COMPATIBEL CON VIVENDA, RECOLLIDA NO ARTIGO 69 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

PROPUESTA DE ALCALDIA: *DITAMINADA FAVORABLEMENTE EN COMISIÓN INFORMATIVA DE PLANIFICACIÓN TERRITORIAL E XESTIÓN ADMINISTRATIVA EN SESIÓN DE 8.04.21:*

“PROPOSTA ACLARATORIA DA OFICINA TÉCNICA EN RELACIÓN COA INCLUSIÓN NA ORDENANZA DE SOLO DE USO INDUSTRIAL COMPATIBEL CON VIVENDA, RECOLLIDA NO ARTÍCULO 69 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, DO USO TERCIARIO COMO USO ALTERNATIVO, COMPATÍBEL OU COMPLEMENTARIO

O Concello de Valdoviño réxese por unhas Normas Subsidiarias de Planeamento (NSP) aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o día 28 de outubro de 1993, referendadas polo Pleno Municipal en sesión do 18 de marzo de 1994 e publicadas no BOP da Coruña o 12 de maio de 1994 (nº 107), estando adaptadas á Lei 11/1985, de 26 de outubro, de adaptación da do solo a Galicia (LASGA) vixente en esa data.

Non obstante, é preciso indicar que a tramitación destas NSP comezou moito antes, posto que foi no ano 1985 cando o equipo redactor fixo entrega da información urbanística e diagnóstico, así como do avance da ordenación ao Concello de Valdoviño. Trátase, polo tanto, dunha norma urbanística cunha antigüidade de mais de 30 anos, redactada nun contexto urbanístico, xurídico e social que pouco ou nada ten que ver co actual, e que presenta un alto grao de obsolescencia, debido tanto a imprecisións da propia normativa como ao complexo réxime transitorio que procede seguir pola súa falta de adaptación ás profundas modificacións na lexislación urbanística de réxime estatal e autonómico, o que xera unha grande complexidade urbanística a hora de aplicar dita normativa e certa inseguridade xurídica.

Por iso faise necesario aclarar certas imprecisións das ordenanzas de aplicación en solo non urbanizable de núcleo reflectidas nas NSP.

Ao tratarse dun planeamento anterior á entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e non estar adaptado á Lei 9/2002, resulta de aplicación a disposición transitoria primeira da citada lei, que no seu epígrafe 2.c establece que:

*"Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de **solo non urbanizable de núcleo rural**, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, **aplicaráselle***

íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei."

Así pois, nestes terreos resultarán aplicábeis as ordenanzas correspondentes das NSP en todo o que non contradigan o réxime urbanístico previsto na propia LSG. Estas se recollen no capítulo 6 (*edificación e usos en solo no urbanizable dos núcleos rurais tradicionais*), **definindo no artigo 65 os diferentes tipos de usos e as ordenanzas encamiñadas a regulamentar as condicións das edificacións**, o cal se reproduce a continuación:

CAP. 6. Regulación de la edificación y usos en suelo no urbanizable de los núcleos rurales tradicionales..

Art. 65. Definición.

De acuerdo con el artículo 21 de la Ley 11/1.985, de 22 de Agosto, de Adaptación de la del Suelo a Galicia: "Las Normas Subsidiarias Municipales establecerán los usos prohibidos y deberán reglamentar las condiciones de las edificaciones que han de ser congruentes con las características de las existentes en el núcleo".

Se trata, por lo tanto, de fijar unas ordenanzas que, asegurando la conservación de la condición rural del núcleo, permita su crecimiento natural. Para ello, y como consecuencia de los análisis efectuados sobre éstos núcleos, podemos diferenciar fundamentalmente tres tipos de usos diferentes: el residencial, en su categoría de vivienda unifamiliar aislada o adosada; el de equipamientos, dónde se engloba todo tipo de edificación o espacio vinculado al servicio de la agrupación; y el suelo destinado a outros usos, donde pueden englobarse aquellas actividades distintas a la residencial o equipamiento, pero de relación con aquellas (almacenes, talleres artesanales o de reparaciones, edificaciones comerciais, etc.).

De acuerdo con lo anterior, y a efectos del establecimiento de unas ordenanzas encaminadas a reglamentar las condiciones de las edificaciones, distinguiremos:

Da lectura do artigo anterior cabe deducir en primeiro lugar, que neste tipo de núcleos rurais diferéncianse **tres tipos de usos: o residencial, na súa categoría de vivanda unifamiliar illada o acaroadada; o de equipamentos vinculado ao servizo da agrupación e o destinado a outros usos, onde poden englobarse aquelas actividades distintas á residencial ou equipamento, pero de relación con aquelas (almacéns, talleres artesanais ou de reparacións, edificacións comerciais, etc.);** en segundo lugar, establécense unha serie de ordenanzas encamiñadas a regular as condicións das edificacións en relación cos usos, e que se desenvolven posteriormente nos artigos 66, 67, 68 e 69 das NSP, cuxos títulos son:

- Zona de edificación residencial acaroadada.
- Zona de edificación residencial illada.
- Zonas de equipamentos.
- Solo de uso industrial compatibel con vivanda.

Compre observar, polo tanto, que o uso residencial se correspondería coas zonas de edificación residencial acaroadada ou illada; o uso de equipamentos coa zona de equipamentos e o destinado a outros usos onde poden englobarse aquelas

actividades distintas á residencial ou equipamento, pero de relación con aquelas (almacéns, talleres artesanais ou de reparacións, edificacións comerciais, etc.) co solo de uso industrial compatibel con vivenda.

Este último uso regulase no artigo 69, o cal se reproduce a continuación:

<p>Art. 69. Suelo de uso industrial compatible con vivienda. En gran número de núcleos rurales existen localizaciones industriales vinculadas o no al propio núcleo o núcleos inmediatos. Se trata de talleres o naves de almacenaje de diferentes características. De acuerdo con ello, se autorizarán industrias compatibles con la vivienda o con la zonificación residencial. – Parcela mínima 1.000 m². – Altura máxima 6 m. al último forjado. – Edificabilidad 0,60 m²/m². – Máxima ocupación 60% de la parcela. – Separación a linderos 3 m. y a caminos, según lo especificado de forma general para el caso de edificación residencial aislada. No se permitirán las actividades industriales incluidas en el ámbito de aplicación del Reglamento de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas.</p>
--

No contido deste artigo, en contradición co reflectido no artigo 65 das NSP non se citan as edificacións comerciais ou os talleres artesanais ou de reparacións, pero si se deixa dunha maneira moi clara que as "industrias" deben ser compatíbeis coa vivenda o coa zonificación residencial.

Por outra banda, non podemos esquecer que para este tipo de solo a regulación establecida polo planeamento municipal que resulta aplicábel estará condicionada polas limitacións que aparecen dispostas nos artigos 24, 25 e 26 da LSG referentes a solo de núcleo rural:

"Artigo 24. Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

(...)

Artigo 25. Usos do solo de núcleo rural

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas nesta lei.

2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente

*ligados ao asentamento rural de que se trate ou **que dean resposta ás necesidades da poboación residente** neles.*

Artigo 26. Actuacións incompatibles

1. Nos núcleos rurais **están prohibidas** as seguintes actuacións:

(...)

c) **As naves industriais.**

(...)"

E o artigo 39 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG):

"Artigo 39. Usos do solo de núcleo rural

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e neste regulamento (artigo 25.1 da LSG).

2. **O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles (artigo 25.2 da LSG).**

O uso característico debe entenderse como o uso principal do núcleo. O carácter complementario dos usos enumerados no punto anterior e as súas condicións serán definidos polo plan xeral para cada ordenanza que se estableza no solo de núcleo rural."

Por conseguinte, con carácter xeral, este réxime establece como característico o uso residencial e admite como complementarios os usos terciario ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, que dean resposta ás necesidades da poboación residente; uso no que se encadrarían todo tipo de actividades comerciais.

Así mesmo, en relación coa edificación de nova planta destinada aos referidos usos terciarios, debe significarse que no réxime disposto pola LSG para o solo de núcleo rural consta a **prohibición expresa de utilizar a tipoloxía de nave industrial**; así como salienta que resultará obrigado adaptar as condicións de volume ás características da paisaxe rural e da construción tradicional existente.

En todo caso, parece incuestionábel que nestes ámbitos de solo de núcleo rural só poderán implantarse aqueles usos industriais que resulten acordes co uso residencial

característico e que observen as restantes limitacións dispostas pola LSG e mais o RLSG.

È oportuno salientar, que as NSP non teñen unha regulación ou categorización dos diferentes usos, pero si definen no seu artigo 65 os **solos destinados a outros usos como aqueles onde poden englobarse aquelas actividades distintas á residencial ou equipamento, pero de relación con aquelas (almacéns, talleres artesanais ou de reparacións, edificacións comerciais, etc.)**. Para suplir estas indeterminacións pódese acudir ao Plan Básico Autonómico (PBA) (aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo) o cal, no artigo 8.2, establece que: "*O Plan básico autonómico terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista. En virtude deste carácter complementario será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa*".

Tendo en conta este carácter complementario, o artigo 16 do PBA define como terciario "*aquel uso que comprende as actividades destinadas ao comercio, ao turismo, ao lecer ou á prestación de servizos*", mentres que o artigo 21 define como industrial "*aquel uso que comprende as actividades destinadas ao almacenamento, distribución, obtención, elaboración, transformación e reparación de produtos*".

Do anterior pódese afirmar que no artigo 69 das NSP (*solo de uso industrial compatible con vivenda*) o uso industrial contemplado ten un carácter mais amplo, posto que engloba actividades comerciais que a día de hoxe a normativa urbanística contempla como un uso terciario e, polo tanto, independente do industrial.

Asemade, trátase de ámbitos nos que o planeamento ou calquera outra normativa urbanística non fixa unha proporción ou porcentaxe de substitución do uso industrial; no que a inclusión do uso terciario compatible co residencial nin dana a ordenación urbanística proposta nin modifica os parámetros urbanísticos recollidos nas NSP.

Con todo, a situación e o contexto fai necesario adaptar este uso á realidade social e urbanística actual coa introdución de usos xa contemplados nas NSP.

Tamén habería que ter en conta o informe do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios de data 28 de outubro do 2020.

Consonte todo o anteriormente exposto, observando o principio xeral de interpretación integrada das normas, e partindo da premisa básica de que con o control administrativo municipal tense que verificar o cumprimento da normativa urbanística vixente, de que este control urbanístico debe ser efectuado de forma proporcionada e congruente, baixo o principio de elixirmos a opción menos restritiva da liberdade individual do administrado, así como para proporcionar unha maior seguridade xurídica, **esta Alcaldía PROPONE al PLENO, la adopción del siguiente acuerdo:**

APROBACIÓN DOS CRITERIOS INTERPRETATIVOS EN RELACIÓN COA INCLUSIÓN NA ORDENANZA DE SOLO DE USO INDUSTRIAL COMPATIBEL CON VIVENDA, RECOLLIDA NO ARTÍCULO 69 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, DO USO TERCIARIO COMO USO ALTERNATIVO, COMPATÍBEL OU COMPLEMENTARIO

Na ordenanza de solo de uso industrial compatíbel con vivenda, recollida nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Valdoviño, e aplicable ao solo non urbanizable dos núcleos rurais tradicionais, se inclúe o uso terciario compatíbel con vivenda como alternativo, compatíbel ou complementario.

Valdoviño 04 de marzo de 2021
El Alcalde-Presidente
Alberto González Fernández “

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da anterior proposta.

FORA DA ORDE DO DÍA.

O señor alcalde anuncia a inclusión do seguinte punto na orde do día na necesidade de avanzar co planeamento; o pleno ratifica a urxencia.

.-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, A OBXECTO DE REGULAR A IMPLANTACIÓN DO USO CAMPAMENTO DE TURISMO.-

“Vista a necesidade de efectuar modificación puntual das normas subsidiarias do concello de Valdoviño a obxecto de regular nas mesmas o uso do campamento de turismo; visto a documentación elaborada para este fin presentada pola empresa URBEN CONSULTORES S.L. en data 2-03-21 (registro 20219990000315).
CONSIDERANDO o informe do arquitecto municipal de data 6 de abril de 2021 e o informe xurídico municipal da mesma data, ámbolos dous favorables para tramitación.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación puntual Nº 13 segundo a documentación presentada por URBEN CONSULTORES.

SEGUNDO.- En virtude do disposto polo artigo 60 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e artigo 144 do regulamento da Lei 2/2016, o expediente de referencia sométese a información pública pola prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte a publicación no DOG. e publicarase tamén nun periódico de maior difusión da provincia.

TERCEIRO.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo en la sede electrónica do concello www.concellodevaldovino.com

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ACALDÍA EMITIDOS NO MES DE FEBREIRO DE 2021.

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de febreiro de 2021, que comprenden do número 69 ao 131 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/As tomaron coñecemento da resolucións da Alcaldía.

4º.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA CON MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2020.

Dáse conta ao Pleno e éste toma razón da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2020; documentación facilitada aos grupos municipais con anterioridade á presente sesión na forma regulamentaria.

Conclusión da avaliación: Conclúese dos cálculos a situación de **incumprimento do obxectivo de estabiliade orzamentaria**, entendido como a situación de equilibrio ou

superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC.

LIQUIDACIÓN	IMPORTES
a) Total ingresos capitulos 1 a 7 axustados .-	5.635.546,87€
b) Total gastos capítulos 1 a 7 axustados.-	6.411.996,94€
c) Capacidade/necesidade de financiación.-	-776.450,07€

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A Sra. Veiga Doce pregunta si se pode facer algo para loitar contra a velutina; ao que responde o señor alcalde que estamos adheridos ao convenio da FEGAMP e tomaremos medidas.

Pregunta a Sra. Veiga e pola obra do campo de fútbol; respondendo a secretaria que chegou escrito de MECANO SPORT, no que non reconece as deficiencias existentes na obra, polo que imos requirir informe ao director de obra e executar o aval.

Interésase a mesma concelleira pola obra da Cubeta; respondendo o alcalde que aínda falta o contrato.

O señor Bouzamayor Casas pregunta se temos normativa por si hai lume en solo urbano e dille o alcalde que se aplica a normativa de incendios. En solo urbano non se pode queimar.

Sinala o señor Bouzamayor que lle comentaron que cerca de Outeiro, hai unha casa en ruinas que está perigosa; indicando o alcalde que non temos denuncia.

Tamén transmite o señor Bouzamayor a pregunta de qué por qué no se asfaltou en Pantín ata a zona do parque; afirmando o alcalde que efectivamente non se chegou alí.

Sen máis asuntos para abordar nesta sesión, queda levantada ás vinteunha horas e dez minutos pola Alcaldía_Presidencia; da que se estende a presente acta que coma Secretaria CERTIFICO o seu contido.

Documento asinado dixital pola secretaria municipal e polo alcalde.